

Despolitiza-la globalización: do neo-marxismo á sociedade rede de Manuel Castells¹

Peter Marcuse

A evolución dos estudos urbanos

Un vento novo empezou a soprar nos estudos urbanos polo remate dos anos sesenta², un vento crítico, descontento coas condicións das cidades, que tentaba cartografar novas direccións nas análises e imaxinar alternativas radicalmente diferentes nas que esperaba ter influencia directa. Veu de varias direccións, e pegado a varios nomes: Manuel Castells e un grupo francés de investigadores, axiña recibido en Inglaterra por Chris Pickvance e outros co nome de nova socioloxía urbana; na xeografía, provocou o libro “A xustiza social e a cidade” (1973) de David Harvey; na filosofía, coa preocupación polo espazo e maila maneira de o “producir”, verbo do que escribiu Henri Lefebvre. Construíuse co patrimonio do marxismo, mais con grande nesgo neo-marxista, por veces mesmo neo-weberiano. Deulle prominencia ás clases, ós conflitos verbo de cuestións urbanas (“consumo colectivo”), á economía (mais na forma de políticas económicas) e á función do estado en calidade de vehículo tanto do poder coma da administración³. O “urbano” definíase decote sinxelamente a xeito de lugar dos tipos específicos de conflitos, centrados en cuestións de consumo colectivo (Castells [1972] 1977)⁴.

As devanditas evolucións estaban directamete relacionadas co que de certo andaba a acontecer en moitos países do mundo durante aquel período. Os dous acontecementos críticos foron quizais a revolta de París en maio de 1968, cos seus paralelos en moitos outros países, e o movemento dos dereitos civís nos Estados Unidos de América. En ambos a dous casos, o malestar urbano tivo un papel fundamental, tanto en calidade de causa inmediata coma a xeito de síntoma a longo prazo de desacougos máis profundos. As esperanzas do período inmediatamente posterior á segunda guerra mundial, nas que se prevía que a derrota do fascismo levaría a un período de democracia, liberdade e prosperidade universais pareceron contrariadas; malia o verniz do crecemento, a

¹ Na crítica da obra de Castells, que me parece salientablemente fértil na historia das tentativas para entende-las tendencias subxacentes do noso tempo, beneficieime de distintos comentarios críticos e revistas, coma os de Watson (1998), Tilly (1998), Friedmann (2000), Waterman (1999) e Bender (2000). Tamén me beneficei substancialmente das agudas percepcións dos estudantes do coloquio de doutorandos do programa de Planificación Urbana da Universidade de Columbia (e do profesor Tom Vitorisz, con quen me encarguei del), no curso da nosa discusión dos tres volumes, incluídos tanto acordos coma decordos con algunhas das conclusións que se presentan neste texto.

² Véxase unha descrición da atención que prestou a corrente principal da socioloxía ás cuestións urbanas antes deste período en Van Kempen e Marcuse (2001). A grandes trazas, as concepcións anteriores da corrente principal salientaban as preferencias individuais que funcionaban por medio do mercado téndoas por forzas claves que daban forma ós usos do espazo urbano. As concepcións críticas centrábanse en elementos macro-estruturais, nas que os fenómenos urbanos era sinxelamente efectos colaterais.

³ Entre os clásicos deste campo de coñecemento habería que mencionar: Lefebvre (1968), Castells ([1972] 1977), Harvey (1973) e O'Connor (1973). Pickvance (1976) foi o primeiro que requeriu a tención dos anglófonos para a literatura neo-marxista francesa.

⁴ Véxase unha crítica explícita en Katznelson (1984, 1992).

democracia era superficial e limitada, a prosperidade excluía a moitos, a liberdade non producía a sociedade xusta que debería se-lo seu producto. Houbera protestas numerosas verbo de cuestións urbanas no período inmediatamente posterior á postguerra, referidas ós desprazamentos de poboación por mor de anovamentos urbanos, ó aloxamento inadecuado, á expansión dos suburbios e, xeralmente, referidas á persistente pobreza e desigualdade. Había unha minoría de escritores e investigadores de estudos urbanos que chamara a atención sobre esas cuestións⁵, mentre-lo conxunto do campo de estudos supuña a continuidade da ecuanimidade e suposta obxectividade do pasado. Nembargante, á fins dos sesenta, as protestas callaron en forma do que se acabou por coñecer co nome de “novos movementos sociais”, que deron ímpeto ó novo cambio nos estudos sociais urbanos.

Os políticos andaban fondamente implicados tanto nos movementos das cidades coma na maneira en que se reflectían nos estudos urbanos. As protestas masivas en Europa tomáronse por radicais, mesmo revolucionarias; na Alemaña, Rudi Dutschke falou de “longa marcha a través das institucións” da democracia burguesa, as manifestacións e folgas francesas tiñan case orientación anarquista, o movemento dos dereitos civís en Estados Unidos de América preguntouse se o que quería era a admisión na sociedade existente ou unha sociedade máis ben nova, e o movemento contra a guerra do Vietnam tiña obxectivos especificamente políticos. A política, tanto no senso inmediato coma no máis abstracto, era crucial tamén nos novos movementos intelectuais. Os líderes do grupo francés eran membros do Partido Comunista francés ou andábanlle preto⁶; nos Estados Unidos de América, as conexións entre a crítica urbana e maila nova esquerda podían apreciarse por todas partes, e as análises neomarxistas eran o fundamento analítico da Nova Esquerda orientada a cuestións urbanas. Diferían dos marxismos ortodoxos máis velllos no entender que os movementos sociais novos ocuparían o lugar da clase obreira en calidade de líderes de transformación social básica⁷, mais concordaban con gran parte da análise marxista, vían que o conflito era un compoñente inherente do progreso e tiñan ganas de meterse nel. Aquel cambio dos estudos urbanos foi explícitamente político.

As cousas cambiaron. En 1983, Chris Pickvance, un dos pioneiros ingleses no estudio dos novos movementos sociais, escribía: “O estudio dos movementos urbanos ten un problema: os movementos urbanos deixaron de existir.”⁸ Amais, malia a controversia que arrodea o fado dos movementos urbanos, moitas cousas son distintas do que se prevera mesmo quince anos antes. O goberno conservador de Margaret Thatcher chegou ó poder en 1979, Ronald Reagan ó ano seguinte nos Estados Unidos de América; a marea cambiou e foise contra o estado do benestar e, coa mesma, contra as políticas urbanas progresistas que defendían os novos movementos urbanos e que os escritores de novos estudos urbanos apoiaran, espallaran e xustificaran. Abofé que a resistencia continuou, con movementos tan dispares coma o de defensa do medio ambiente, as políticas de identidade, incluídos os dereitos étnicos, “raciais” e de gais e lesbianas, que se convertiron en factores importantes, pero o urbano non eran crucial para eles.

“Globalización” é o termo que se usou decote para describi-lo conxunto de acontecementos que produciron esa virada. O termo merece definición máis coidadosa da que decote se lle dá. Prós nosos fins, vaise usa-la seguinte definición:

⁵ Entre as obras que pagan a pena están: Gans (1962), Duhal (1963) e nomeadamente Fried (1963: 151-71). Véxanse tamén os ensaios recompilados en Wilson (1966).

⁶ A evocación de Peter Marcuse é, neste aspecto, cuestionable. O Partido Comunista Francés tivo unha posición ambigua, cando non contraria, ás mobilizacións de 1968. (N. do t.)

⁷ Así Gorz (1982).

⁸ Artigo presentado no congreso celebrado na Universidade de París X, do dez ó doce de outubro de 1983. Hai unha declaración máis completa e matizada das visións de Pickvance en Pickvance (1985).

A Globalización é unha combinación de:

- 1 Avances da técnica, nomeadamente nas comunicacións e transportes, con
- 2 incremento da mobilidade internacional de persoas e capital e intercambio de bens,
- 3 centralización do control e incremento do poder dos grupos de negocios dominantes por fronte dos traballadores e mailas forzas de resistencia, que usan as devanditas técnicas e mobilidade, e ten por resultado
- 4 a reificación de bens, servicios, produción cultural e prácticas a escala global para maximiza-los beneficios financeiros.

A globalización é un fenómeno dominante despois dos primeiros anos setenta. Non é fenómeno enteiramente novo, senón evolución posterior de tendencias e forzas que estiveron a funcionar durante séculos, mais é evolución a paso tan lixeiro na expansión xeográfica como para merecer atención en calidade de fenómeno independente. Representa un cambio significativo no poder, non só do capital perante as forzas dos traballos, senón tamén das forzas políticas aliadas co capital perante as que están formadas polas bases dos movementos sociais que foran motivo de tanta esperanza nos anos sesenta.

Coa actualidade da globalización veu a correspondente xustificación ideolóxica nun paradigma cada vez máis dominante de análise urbana que aceptou a globalización non só a xeito de realidade, senón a xeito de realidade única e desexable. A correspondente orientación política, e o tipo de medidas que lle están vinculadas, ía na dirección de facilitar e racionaliza-la competición entre cidades para producir crecemento maior e máis sensible en todo o sistema de cidades, segundo cada unha delas procuraba a súa vantaxe comparativa e se establecía no lugar aceptado correspondente na orde inevitablemente xerárquica das cidades. Recoñecíanse os problemas sociais resultantes da apoteose do mercado, mais tíñanse por problemas a curto prazo e inevitables, cuestións que quizais se podían tratar cunha caste de rede de seguridade. Entón, os líderes das forzas e institucións da globalización, ó se xuntar en Davos, Suiza, no “Foro Económico Mundial” de xaneiro do 2001, de xeito bastante pacífico, aceptaron a existencia dun contra-“Foro Económico Mundial”, en Porto Alegre, Brasil, dándolle esta benvida: “vostedes tratan os problemas sociais, nós ocuparémonos dos económicos.”⁹ E daquela títulos de libros coma “A globalización e os seus malestares” poden implicar que a globalización é un proceso dominante do que algúns desgraciadamente non se benefician, en troques de se referir a un proceso polémico e rexeitado, no que os beneficios dos gañadores están directamente conectados cos padecementos dos perdedores¹⁰. “A globalización e os seus vencedores e vencidos” daría unha impresión diferente.

¿Cal foi, logo, o impacto das evolucionas da análise urbana que se desenvolvera de novo? Xa van corenta anos desde empezara a sopra-lo vento novo nos estudos urbanos. Que é o que lle aconteceu á súa enerxía so o impacto da globalización e qué dirección leva hoxe? En xeral, poden distinguirse tres correntes, que decote se mesturan.

⁹ O derradeiro día, fíxose un resumo do curso das máis ben caóticas retransmisións simultáneas de intercambios entre os participantes nas dúas reunións. Ben é certo que moitos en Davos tiñan unha comprensión sofisticada dos problemas sociais causados pola globalización, pero a súa vontade para os confrontar non chega a cuestiona-lo seu propio dereito a exercer-lo poder que produciu os problemas.

¹⁰ A frase usouse de título en tres libros de tres autores diferentes nos anos recentes: Burbach (1997), Sassen (1998) e McBride e Wiseman (2000). A frase ten as desgraciadas (e sen dúbida involuntarias) connotacións dos problemas psicolóxicos: o malestar é un estado mental (retrotraendo a “O malestar na cultura”, de Sigmund Freud). Todos e cada un dos tres libros dan probas dos padecementos reais causados pola globalización.

Unha vira pragmática, considera as visións revolucionarias do primeiro período irrelevantes na altura de hoxe, e céntrase por enteiro na reforma actual: a construción de casas con apoio público, a protección do medio ambiente, a integración social e a compensación das desigualdades, por medido da redistribución e das medidas antidiscriminatorias que se poidan acadar. A segunda corrente continúa a concepción crítica, mantendo por veces a correspondente faceta social, noutros casos centrándose en esferas máis restrinxidas da actividade urbana. Segue a aplica-la crítica anterior, por veces con referencias concretas ás relacións que mantiña co traballo neo-marxista anterior, por veces non. Nesta corrente, o aspecto máis novo e quizais o máis innovador no aspecto intelectual vai na dirección dos estudos culturais e da crítica cultural, que examinan particularmente o significado e impacto da reificación e maila expansión da reificación pola vida cotiá e maila cultura (Fredric Jameson e Nancy Fraser forman parte desta tradición). Tamén se dá decote certa desconexión nesta corrente entre a análise e a realidade política cotiá, non por mor de desexo ningún de se retirar da implicación directa, senón porque o vencello entre a teoría e maila práctica amorteceu e case non se dá visto entremedias da presenza achaiadora dos poderes dominantes.

A terceira corrente enredouse moito máis intensamente cos acontecementos inmediatos que se dan neste ámbito (e no aire e no éter –cousa da que imos falar máis adiante) en cidades de todo o mundo. Trátase dun marxismo fantasmal, no que os ecoares da análise marxista poden apreciarse aínda vagamente, pero afastados de todo contido político, tanto nas análises coma nas prescricións, recuando da crítica social e política anterior e, porén, avanzando con entusiasmo cara a descrición da sociedade de técnica superior que se ten por acontecemento achaiador do período actual, unida a un debate sobre a globalización vagamente definida. Remata por ser, segundo vou manter, non só análise despolitizada senón tamén antipolítica das condicións urbanas e contribúe logo á posición efectivamente conservadora no tocante ás cuestións máis graves que os novos movementos urbanos dos anos sesenta tan agresivamente abordaran. É implícitamente conservadora mesmo se en asuntos concretos mantén certo aroma de crítica progresista. Remata, logo, por dar apoio á retórica da “terceira vía” superficialmente democrática que agora domina nos círculos gobernantes en Gran Bretaña, Alemaña e noutros estados.

A era da información e a sociedade rede na triloxía de Castells

Vou valerme da evolución da obra de Manuel Castells en canto é representante crucial desta corrente, centrándome no exame do seu magnum opus de tres volumes, A era da información: O nacemento da sociedade rede (1996), O poder da identidade (1997^a) e Fin de milenio (1998). Quizais na altura de hoxe sexa Anthony Giddens o representante máis coñecido da posición ideolóxica que se deriva dela¹¹.

Toda avaliación crítica do traballo de Manuel Castells ten que comezar polo recoñecemento sen matices: a contribución de Castells á socioloxía urbana e ó exame dos procesos de globalización é absolutamente crucial para o noso período. Iniciou ou fixo contribucións a tódalas cuestións de importancia nos debates actuais destes campos; tódolos debates futuros terán que ter en conta o seu traballo seminal. Á vista de que o que segue é profundamente crítico coa dirección na que me parece que vai

¹¹ A gabanza de Giddens está impresa na contracapa do terceiro volume de “A era da información”.

arestora, quero comezar polo recoñecemento da extensión da súa contribución e da influencia directa que ten no meu propio pensar nestas áreas, grandes en ambos a dous casos. Tamén debería estar claro que, para ben ou para mal (¡E, por veces, tanto para ben como para mal!) a evolución que levou a Castells do marxismo á forma de análise e visión do mundo actual non é inconsciente nin carente de reflexión; el propio abordou a cuestión directamente en moitas ocasións. Castells arrenegou claramente das pasadas análises máis radicais dicindo que eran inapropiadas para a configuración cambiante dos acontecementos dende os anos sesenta.¹² A cuestión que aquí se vai tratar é a de se, neste proceso de aprendizaxe aberta e de axuste da perspectiva que asumiu Castells, deuse un proceso implícito de despolitización, de maneira tal que as conclusións que haberá que tirar da súa posición actual supoñen unha retirada a respecto da que habería que tirar dunha análise rigurosa das actuais evolucións cambiantes que estudia.

No rexeita-la análise neo-marxista e estrutural que anteriormente fixera das cuestións urbanas, Castells procura unha explicación dos acontecementos máis matizada, menos economicista, unha explicación que teña máis en conta o cambio técnico e mailos movementos culturais/sociais. Con todo, sobrevive a concepción estrutural e, por veces, cóntase entre as contribucións sólidas dos tres volumes. Poño por caso que a distinción entre “modo de produción” e “modo de desenvolvemento” que fai ó principio do primeiro tomo (1996: 14) é análoga á distinción marxista clásica entre “relacións de produción” e “forzas de produción”¹³ (aínda que non cita a Marx á hora de conceptualizar). Igualmente, a distinción que fai no segundo tomo entre identidades lexitimadoras, resistentes e de proxecto (cousa que imos tratar máis adiante) mantén grandes ecos de discusións anteriores iniciadas por André Gorz entre os proxectos reformistas e revolucionarios, aínda que nunca cita a Gorz.¹⁴

De por parte, a evolución de Castells reflíctese na evolución dos títulos dos seus libros: selectivamente, comezando por “A cuestión urbana: unha aproximación marxista” ([1972] 1977) e “A crise económica e a sociedade americana” (1976) pasando logo a “Cidade, clase e poder” (1978), a “A cidade e os movementos de base: unha perspectiva trans-cultural” (1983), no que por vez primeira abxura das análises estruturalistas neomarxistas anteriores, indo logo ó libro que recompilou verbo de “Técnica superior, espazo e sociedade” (1985) e “A cidade da información: técnica de información, restructuración económica e o proceso urbano-rexional” (1989), “Tecnópole do mundo: a creación dos complexos industriais do século vinte e un” (1994) e pasando logo a “A creba do comunismo soviético: unha visión da sociedade da información” (1995), ata os tres volumes máis recentes. O movemento que o levou dos conceptos marxistas, dende as cuestións de clase e da política de oposición e mailos movementos sociais, cara a unha preocupación polo desenvolvemento técnico e as correspondentes manifestacións múltiples vese abondo claro. As discusións políticas de clase máis temperás e maila oposición non desaparecen, mais viran subordinadas a un foco que é o da ineluctable marcha do progreso técnico.

“A sociedade rede” é o título do primeiro volume da triloxía de Castells, nel traizóao de xeito similar o cambio de foco das características substantivas das relacións sociais cara a unha caracterización máis superficial. As redes reaparecen a través do traballo recente de Castells a xeito de característica definitoria da Era da Información. Porén, as redes son sinxelamente formas de organización, e formas que existiron dende tempos

¹² Véxase, nomeadamente, a exposición crítica da páxina 298 de “The City and the Grassroots”, na que describe a primeira obra importante que publicou dicindo que é “un fiasco”. Chris Pickvance chamoume a atención sobre o comentario.

¹³ Con efecto, as “relacións de produción” é a expresión que usa na conclusión de “The Information Age” (Castells 1998: 361).

¹⁴ Véxase Gorz ([1964] 1968: 7ss.).

inmemoriais: redes de parentesco, redes relixiosas, redes de antigos alumnos, e cousas polo estilo.¹⁵ Se é unha forma de organización que se incrementou en tempos recentes, facela centro da análise é substituí-la forma polo contido, unha forma de organización particular por unha distribución particular do poder. Se o crecente uso de redes reflicte centralización ou descentralización do poder, parecería cuestión crítica que cómpre examinar; o foco na forma, máis do que no uso, non leva nesa dirección. É xusto o contrario; parece que o poder anda agora menos, e non máis, concentrado: “segundo progresa o proceso de globalización, as formas organizativas evolucionan e pasan das empresas multinacionais ás redes internacionais...a globalización da competición dissolve a grande corporación” (1996: 192, 193; itálicas no orixinal).

O estilo de Castells fai difícil a crítica da tendencia subxacente, poi-lo rico tapiz que presenta ten fíos que van en case tódalas direccións. Para cada cita en particular, pode un xeralmente atopar outra en calquera parte, aparentemente contradictoria. Todo o que se pode dicir dise nalgún lugar dos tres volumes, mais tamén o contrario. A proba que se aduce para algún argumento contradí decote a indicación feita noutro lugar. Aínda que a realidade sexa decote contradictoria, “a triloxía tenta enxerga-lo sistema”¹⁶ e a dirección que colle o conxunto da obra é clara.

A obra de Castells é, ó mesmo tempo, unha extensión provocadora dalgunhas das novas concepcións de política económica e novos estudos urbanos dos anos setenta que o propio Castells axudara a estimular, e do desgaste do seu pulo crítico. Fai que os proceos prevalectes (pomos por caso, a globalización) sexan procesos sen actores, carentes de axentes, inexorables. A obra de Castells pode usarse para dar pábulo ás conferencias radiofónicas de Giddens,¹⁷ á actual “socialdemocracia” da terceira vía, á adoración das cidades globais. Malia manter certa reverencia retórica ós “movementos sociais”, pode dar apoio ó tipo de prescricións de “cidade competitiva” que Borja e mais outros (incluído, por veces, Castells) andan a promover polo mundo adiante e que Michael Porter vende nos Estados Unidos de América. Mina menos as tentativas de pensar nas utopías, en contraste directo co pensamento utópico que inspirou inicialmente gran parte da súa obra. Baleira os conceptos da economía política do seu valor crítico, e pode valer para alimentar debates verbo da globalización adecuados para “líderes mundiais” de Davos a Hong Kong ou de Berlín a Moscova.

Que as conclusións relativas a medidas políticas que se tiran desta obra recente contrasten moito coas que dimanan dos seus traballos anteriores non impugna, de seu, a validez das análises. De feito, en moitos asuntos de política inmediata a posición de Castells segue a ser tan crítica, tan sensible ó social e tan preocupada polas cuestións de xustiza e igualdade coma sempre. Nembargante, as implicacións da análise que fai levan outra dirección. Isto non as mina de seu, mais si que dá razón para examinar esas análises moi polo miúdo e ver que é o que lles está a acontecer. Despois de tal exame, a análise, segundo aquí se mantén, parécenos inadecuada para a cuestión que aborda.

A despolitización da globalización en Castells

¹⁵ Nun extraño parágrafo no que se discuten “as traxectorias organizativas da restructuración do capitalismo” (1996: 152), Castells di que “os cambios organizativos interactuaron coa difusión das técnicas de información mais, a grandes trazas, foron independentes, e xeralmente precederon a difusión das técnicas de información” (1997^a: 153, véxase tamén 1996: 168). De por parte, tamén di “a empresa rede [é] a forma organizativa da economía informacional/global” (1996: 171) e, sobranceiramente, a “era da información” e “a sociedade rede” trátanse a xeito de sinónimos potenciais.

¹⁶ Son palabras de Peter Hall, colaborador ocasional de Castells, citadas na contracapa do volume final.

¹⁷ Publicado en Giddens (2000). Teño en curso unha crítica dos escritos recentemente populares de Giddens.

É precisamente o cambio de foco dende a natureza de, e as relacións entre, os grupos sociais, o que marca a traxectoria de Castells. Trátase dun desprazamento que suprime o político, no senso amplo da dinámica que se dá entre o exercicio do poder e a resistencia a el, e que se move cara ó determinismo que mina a relevancia da acción política. O poder e os conflitos verbo do poder desaparecen da vista;¹⁸ as clases, cando aparecen, teñen un papel moi subordinando. O capitalismo vese combinado coa globalización, mais dun xeito ambiguo e ahistórico; a técnica, os medios de comunicación, os cambios demográficos e o estado amósanse a xeito de entidades homoxéneas, autónomas, como se fosen actores de seu, por tras dos cales non se van dar visto os verdadeiros actores. É un caso clásico de reificación, que fai que as relacións entre seres humanos parezan relacións entre cousas, e que as relacións entre a posición social e maila económica parezan relacións coa técnica ou en contra dela, a favor ou contra o ascendente da “información”. En troques das tensións, das contradicións, dos conflitos entre actores humanos e grupos en calidade de motores do cambio o que hai é un desfile de técnica e formas de organización coma se aparecesen espontánea, inexorable, globalmente. Os actores humanos só reaccionan a tales evolucións (algúns beneficianse delas, mais non se lles presta moita atención, e non se ven máis do que a xeito de participantes no desfile). A crítica da globalización implícita, e decote explícita, no libro conclúe cunha chamada para que “nós” entendamos, comuniquemos, sexamos conscientes, xuntos; toda elaboración de conclusións políticas ou de indicacións para a acción rexéitase deliberadamente. O debate vira despolitizado, tanto na análise coma na posición a respecto da prescrición: en palabras de Castells, “O poder dos fluxos ten precedencia sobre os fluxos do poder” (Castells 1996:: 469).¹⁹

Para ser claro: por “despolitizado” non quero dicir que Castells, nin ningún outro autor, teñen a obriga de tirar conclusións políticas e ou de presentar prescricións políticas como parte do seu traballo, aínda que fose desexable que moitos extendesen os seus traballos nesas direccións, polo menos máis do que se fai agora. Quero dicir que o contido político que está presente no mundo que analiza Castells suprímese, minimízase, vira incidental, en contraste coa función que ten na realidade. Entendo que a política se centra nas relacións de poder entre actores sociais; xogan estes, no mellor dos casos, un papel secundario na análise de Castells, cando aparecen. A crítica non é que Castells falle á hora de introduci-la análise política no material que examina, senón que o que non fai é tratar adecuadamente o contido que de feito hai no seu material; non se trata de que debese politiza-lo material que non é político, senón de que despolitizou material que é de seu gravemente político.

O problema está simbolizado e encapsulado no propio título do magnum opus de Castells: “A era da información”. O que é crucial na análise é a evolución técnica, non a evolución social (unha evolución en certa medida mistificada pois, xa veremos máis adiante, que é o que significa “información”). Fai dos instrumentos de produción, máis ca das relacións de produción, a característica da era, logo entón, a secuencia sería:

¹⁸ O certo é que o poder non desaparece de xeito ningún da realidade, vira “inscrito...nos códigos culturais por medio dos que a xente e mailas institucións representan a vida e toman decisións, incluídas as decisións políticas” (1998: 376). Nembargante, os conflitos verbo do poder non son logo conflitos políticos; todo o contrario “as batallas culturais son batallas polo poder da Era da Información” (1998: 368, itálicas no orixinal).

¹⁹ Igual ca moitas outras frases elegantes de Castells, as palabras poden entenderse nun senso diferente do máis obvio. Neste caso, podería ser que Castells quixese aludir ó xeito en que a nova sociedade de “fluxos” domina mesmo a aqueles que teñen poder dentro dela. Sen embargo, no texto non se trata esa cuestión; fala especificamente da “lóxica de enredo” (ou, lóxica de creación de rede) a xeito de “determinación social dun nivel máis alto có dos intereses sociais específicos expresados por medio das redes”: a lóxica da rede determina que é o que acontece, non os intereses sociais. É isto o que chamo despolitización.

Idade de Pedra, Idade de Bronce, Idade de Ferro, Idade do Vapor, Idade da Información²⁰ en troques de Idade do Imperio, Idade Feudal, Idade do Capitalismo, Idade do Imperialismo e Idade do Fordismo, seguida quizais de varias tentativas de certa definición posterior: Idade Neo-imperialista ou Post-fordista. A cuestión non é o coidado ou precisión destes esquemas de clasificación, senón do que sexa o centro deles, do que se toma por criterio clasificatorio indicador. Mesmo na socioloxía tradicional e na economía tradicional, e certamente en Marx, son as características dos grupos e as relacións entre eles dentro de cada sociedade o que son características definitorias. Non nesta obra de Castells.

A despolitización do que debería ser, no fondo, unha análise aguda dos acontecementos pode trazarse en certo número de áreas. A linguaxe empregada mina sistemáticamente a substancia da análise e quíttalle a forza política que doutro xeito tería. Uns cantos exemplos poden salientar as cuestións que se acaban de indicar.

A erradicación da acción humana

Un aspecto clave da despolitización é facer que todo pase de xeito anónimo e sen actores. Non se trata só do vello argumento de acción contra estrutura propio do marxismo, pois naqueles debates ambas a dúas partes asumían sempre que a estrutura se refería ó modelo de relacións ente actores, entre clases, e as cuestións implicaban escala, proporción, peso relativo e alcance da acción humana dentro da estrutura. Con Castells, a acción esvaece, os actores desaparecen da vista. Tanto a linguaxe coma o contido do que escribe vai nesa dirección.

Castells trata por veces a cuestión da acción: “Quen son os capitalistas?” pregúntase (1006: 473). Apunta que non hai resposta fácil, que hai un “conxunto multicolor” (1996: 473) de personaxes e parece abri-la porta a un debate máis fondo verbo da composición de clase nas sociedades industriais avanzadas e mailas súas conexións goblais.²¹ Sen embargo, logo, continúa así: “por riba da diversidade dos capitalistas de carne e óso e dos grupos capitalistas hai un capitalista colectivo sen rostro, feito de fluxos financeiros que funciona a través de redes electrónicas” (1996: 474, itálicas engadidas). Cómpre facer puntualizacións importantes aquí no que atinxe á autonomía dos capitalistas individuais, á diferenza entre conspiración e clase, no que atinxe á forma en que se exerce o poder, e cousas polo estilo. Con todo, o debate non leva esa dirección. Nembargante, a conclusión é a declaración insustancial de que “non hai nada parecido á clase capitalista global.” Senón que “as clases capitalistas son...apéndices dun remuíño enorme” (1996: 474). “Faise cada vez máis borroso quén son os propietarios, quén os produtores, quén os xestores, quén os serventes” (1998: 475). Quizais é así para Castells, mais non para os máis dos pobos do mundo, atrevome a dicir. Isto é despolitización con vinga: non as relacións de poder senón “un remuíño enorme goberna as nosas accións...o poder...xa non se concentra nas institucións (o estado), as organizacións (as firmas capitalistas) ou nos controladores simbólicos (os medios de

²⁰ Amais, Castells falsea a taxonomía que suxire, na que se separan “modos de produción (capitalismo, estatalismo) e modos de desenvolvemento (industrialismo, informacionalismo)” (1996: 14), cando di que “o capitalismo está orientado cara a optimización do beneficio” (1996: 16) mais “o industrialismo está orientado cara o crecemento económico” (1996: 17), cousa que moitos considerarían un atributo da tendencia á acumulación, característica do capitalismo máis ca do industrialismo.

²¹ Hai, por certo, moito escrito sobre o tópico, dende o primeiro Giddens a Erik Olin Wright e aínda máis, pero non se cita ningunha desas obras. Véxase a recompilación editada por Patrick Joyce (1995).

comunicación corporativos, as igrexas). Anda difuso nas redes globais de saúde, poder, información e imaxes... O poder novo está nos códigos de información e nas imaxes de representación arredor das cales as sociedades organizan as institucións... os emprazamentos deste poder son as mentes da xente” (1997^a: 359, itálicas no orixinal).²² De haber que desafia-lo poder, logo, a entidade responsable é a “sociedade” que se ocupa de organizar; non é bo critica-lo estado, nis as firmas comerciais, nin os medios de comunicación. A “realpolitik” da dominación, á que tamén se refire Castells por todas partes, non é para él a cuestión.

Os excluídos sen os excluíntes

En xeral, hai moitos detalles verbo dos excluídos, mais non sobre os que os exclúen. O proceso de exclusión non ten rostro, trátase dun proceso histórico mundial na “fin do milenio”, non dun proceso do que se poida facer responsable a ningún grupo nin clase social. No debate substancial verbo da exclusión da “maioría da poboación africana na máis recente división internacional do traballo” Castells conclúe que “a irrelevancia estrutural (dende o punto de vista dos sistemas) é máis unha condición ameazadora do que de dependencia” (1996: 135);²³ “un número considerable de humanos...son irrelevantes...dende o punto de vista da lóxica do sistema” (1998: 364).²⁴ A irrelevancia estímase dende o punto de vista “do sistema”, non dende o punto de vista dos que non poden tirar proveito das vidas dos excluídos. Algúns son excluídos, mais ninguén leva a efecto a exclusión. Os actores desaparecen por completo so o cobertor que deita a linguaxe de frases tallantes: “as formas e procesos sociais inducidos polo actual proceso de cambio histórico” (1996: 376). (E mesmo un podería aborda-la cuestión de se os excluídos están verdadeiramente excluídos do sistema, ou se de feito lle son bastante útiles e só excluídos dos seus beneficios...)

Na conclusión do terceiro volume, Castells trata máis explicitamente a cuestión de quen é responsable da nova economía informativa/global. “A regra é aínda a produción feita coa finalidade do proveito e para a apropiación privada do proveito, fundada nos dereitos de propiedade (que é esencial no capitalismo). Mais...[...] quen son os capitalistas?” (1998: 362). O debate comeza logo cunha descrición lóxica: hai un “primeiro nivel” que “atinxe ós detentadores dos dereitos de propiedade” (1998: 362, itálicas no orixinal). O “segundo nivel”...refírese á clase xestora” (1998: 362, itálicas no orixinal). Sen embargo, aquí remata a referencia á clase; non nos achegamos máis á carne e óso dos actores reais. Pois, “o terceiro nivel... [ten a ver] coa natureza dos mercados financeiros globais. Os mercados financeiros globais, e as correspondentes redes de xestión, son o capitalista colectivo actual...as redes financeiras globais son o centro neurálxico do capitalismo informativo” (1998: 362, itálicas no orixinal).

²² Co estilo quizais menos coidado dunha conferencia, o afastamento de Castells de toda concepción do poder relacionada co político e o económico vese tallante: “a xeración de coñecemento e mailo procesamento de información son as fontes de valor e poder na Era da Información” (“A cultura das cidades na era da Información”; conferencia no Congreso sobre “As fronteiras da mente no século vinte e un,” Biblioteca do Parlamento dos Estados Unidos de América, dezasete de xuño de 1999).

²³ ¿Qué é o que significa “irrelevancia estrutural”? “As máis das mercaderías primarias son inútiles ou de baixo prezo, os mercados son pequenos de máis, os investimento arriscado de máis, o traballo non é cualificado dabondo, as infraestruturas de comunicación e telecomunicación claramente inadecuadas, a política impredecible de máis, e as burocracias de gobernos ineficientemente corruptas” (1996: 135). ¡Seica isto non é parte da continuidade da dependencia anterior!

²⁴ Castells repetiu formulacións similares en moitos outros sitios: “a economía global é á vez extraordinariamente inclusiva co que ten valor nas redes de interacción dos negocios e altamente excluínste co que ten pouco ou ningún interese en determinados espazos e lugares” (2000: 53).

Daquela, ó cabo, os capitalistas non son “xente ningunha” senón o mercado; non os que enredan, senón a propia rede.²⁵

A voz pasiva

Castells usa a voz pasiva de continuo, alá onde a voz activa daría pé á cuestión de quén é exactamente o responsable ou de se a sinxela acción non é adecuada para explica-los patróns estruturais, quere dicir, qué forzas, qué relacións de poder, e qué institucións ou prácticas están implicadas e poderían ser responsables. O problema dase dende o principio ó cabo dos tres volumes. No primeiro capítulo, “as redes globais de cambios instrumentais conectan e desonectan selectivamente a individuos, grupos, rexións e mesmo países segundo a relevancia que teñan á hora de cumprir-los obxectivos procesados na rede, nun fluxo implacable de decisións estratéxicas...As nosas sociedades están cada vez máis estruturadas arredor da oposición bipolar entre a Rede e mailo Eu” (1996: 3, negriñas no orixinal). “A” Rede (¿Con maiúsculo?) e o Eu (¿Con maiúsculo?) ¿Qué é o que significa? Abofé que as redes dalgúns grupos opóñense ó autodesenvolvemento doutros grupos; mais nos patróns ou modelos que Castells describe hai “oposición”, non conflito. De feito, non se trata de “redes globais de cambios instrumentais”, senón de redes de corporacións específicas, de bloques de poder, de estados que “conectan e desconectan” individuos, grupos, rexións e países moi específicos (e non individuos nin países ó chou, etc. caracterizados todos pola preocupación polo “Eu”, mais sendo tamén xente pobre e traballadora, países do terceiro mundo, mulleres).

No capítulo final, a voz pasiva segue a dar cor ó debate verbo das transformacións que describen os tres volumes. “As relacións de produción transformáronse” (1998: 361, itálicas no orixinal; a frase en itálicas retrotrae a Marx). “O traballo redefínese na súas funcións en canto se produce, e diferénciase agudamente segundo as características dos traballadores”, tamén di: “ó traballo xenérico asígnaselle unha tarefa determinada” (1998: 361). “O capital está tan transformado coma o traballo nesta economía nova” (1998: 362), igualmente, Castells dá probas sobradas de quén se beneficia e quén recibe dano. Con todo, a presentación aparta o foco de toda responsabilidade persoal ou grupal e do tocante ós instrumentos, ás “redes de intercambios instrumentais” usadas por algúns para acadar resultados por conta doutros.²⁶

A imputación da acción ás cousas

²⁵ De por parte, estas formulacións implican unha cuestión importante: que os actores verdadeiros, os verdadeiros capitalistas, non son eles propios axentes libres, non actúan como lles peta, senón que están sometidos ás restricións dos mercados e redes –a xente é libre de actuar, mais en condicións que non escollen eles propios. Trátase dunha dialéctica importante, que subxaz na exposición toda de Castells, mais que non libra ós actores da responsabilidade das eleccións que teñen que facer, e que en ningúna caso se explora no texto.

²⁶ “O capital [está] globalizado” é formulación que dá nun ensaio máis recente, máis unha vez nunha oración pasiva que non ten de suxeito actor ningún, nun parágrafo no que se describe o proceso de globalización sen mencionar nin quen promove nin quen se beneficia de tal proceso. Máis adiante engade, “nós [sic] creamos-lo Automaton, o cerne das economías nosas...os movementos azarosos máis do que os cálculos económicos parecen se-las forzas primarias que dan forma ás tendencias de mercado. Entón o Automaton azaroso prospera, pois simultaneamente induce crecemento e riqueza e tamén provoca a retirada de investimentos e maila crise” (Castells 2000: 53, 56, 59):

Esta é, en certo senso, a imaxe especular da desaparición de actores verdadeiros: os procesos e relacións viran reificados, viran eles propios actores, de xeito autónomo, independentemente da acción humana. Os verdadeiros actores desaparecen e as cousas viran actores.

A técnica vira actor independente, forza autónoma. Lemos oracións coma esta: “a técnica transformou a función política dos medios” (1997^a: 319). Non se trata de que os actores políticos tirasen vantaxes dos adiantos técnicos para usa-los medios con funcións novas, é a propia técnica a que acada esa transformación.²⁷ O novo paradigma tecno-económico...fundaméntase primeiramente en...entradas baratas de información (1998: 60-1).²⁸ Amais, a función dos medios analízase con perspicacia, mesmo con certos matices de condena moral mais, á vista de que hai culpa-la técnica, non hai suxestión ningunha de que as reclamacións doutras formas de propiedade ou control dos medios darían lugar a diferencias. Non se menciona a caste de análises dos medios levadas a efecto por escritores coma Herbert Gans, Noam Chomsky ou Douglas Kellner.

En Castells atópase a visión contraria, coas contradicións sen resolver. Por exemplo, noutro lugar, Castells arrenega explícitamente do determinismo técnico; dificilmente o daría dito máis francamente: “A revolución da técnica informativa NON CREOU a sociedade rede” (1997b: 7, maiúsculos no orixinal). Con todo, segundo adoita acontecer, a linguaxe empregada no debate contradi decote a declaración teórica xeral. A técnica é un proceso independente, independente tanto da economía coma da cultura (1998: 356). Á vez, “a técnica da información vira instrumento indispensable para a instrumentación efectiva dos procesos de restructuración socio-económica” (1998: 356-7). A ambivalencia relativa á función explicativa da técnica, posta en contraste coa restructuración socioeconómica permea o debate todo. Para a análise da política que corresponde ás evolucións que describe, sería vital a claridade verbo desta cuestión, pois se é “a técnica o que transforma”, pouco hai que lle facer, fóra das iniciativas Ludditas (quere dicir, destructoras de máquinas) mais, se están implicadas as forzas socioeconómicas, abofé que se pode ir a elas e analizar con elas os usos da técnica.

A globalización en calidade de “actor” todopoderoso

Trátase a xeito de entidade, a maneira de forza activa. Se o remuíño ten nome, é o de globalización. Nembargante, o significado preciso do termo de globalización segue a ser neboento. No primeiro volume aparece primeiramente a xeito de globalización da economía, necesariamente emparellada co “informativismo” a xeito de “discontinuidade histórica” co pasado (1996: 66-7). No volume segundo ten máis amplitude, e abranxe tamén formas culturais e sociais. A cuestión da novidade “non

²⁷ Segundo é moi decote o caso, poden atoparse múltiples formulacións diferentes: Castells fala por todas partes de “dúas tendencias relativamente autónomas: a evolución das novas técnicas de información...[e o uso do] poder da técnica para servir á técnica do poder” (1996: 52). (¿Por qué non precisamente “para servir ó poder?”) O concederlle á técnica de información o poder dun actor é característica de moitos dos escritos de Castells; véxase, por exemplo, Castells (2000: 62).

²⁸ Citado coa aprobación de Christopher Freeman. Véxase tamén Castells (1996: 65).

entra na miña investigación” (1997^a: 244, n. 4), di Castells.²⁹ Con todo, lemos que “a globalización... dissolve a autonomía das institucións, as organizacións e mailos sistemas de comunicación” (1997^a: 66). De ser ese o caso, de ser precisamente iso a globalización, que sexa ou non fenómeno novo vira crucial, malia as declaracións de Castells no sentido contrario. O cadro suxire que non andan a traballar nin os actores específicos, nin as corporacións multinacionais que invalidan as fronteiras nacionais, nin o capital que se move sen restricións efectivas e por onde lle peta, senón que hai un proceso anónimo de globalización. Se a globalización non é nova, ben poderíamos preguntar se non é o capitalismo en si, quizais só en forma máis avanzada, que é responsable das evolucións que Castells describe tan coidadosamente. E se, de feito, é o capitalismo, os capitalistas haberían ter logo algunha responsabilidade e o contido político da conceptualización faise claro. Co cambio de foco de atención cara á globalización, o contido político desaparece.³⁰

Non se ve por ningures a insinuación de que a globalización é un proceso que se pode alterar ou parar, nin de que a globalización verdadeiramente existente non é a única forma que poida colle-la globalización. Preséntanseno-la globalización a xeito de remuíño(1997^a: 61) a varrer todo o que atopa por diante.

Evítase ou suprímese o conflito³¹

O segundo volume, titulado “O poder da identidade”, céntrase nos movementos sociais que se definen así: “son accións colectivas con propósito das que os resultados, tanto no caso de victoria coma de derrota, transforman os valores e institucións da sociedade” (1997^a: 3). A implicación nesta frase é que o conflito, victoria ou derrota, é a esencia dos movementos sociais, tendo os que apoian e representan os “valores e institucións da sociedade” a xeito de claros antagonistas. Poderíase logo esperar que o conflito fose un elemento crítico na discusión dos movementos sociais, arestora tratados e debatidos so a rúbrica de “identidade”. Sen embargo, no que segue, “os actores sociais... excluídos de... a individualización da identidade... nas redes globais de poder e riqueza” non están metidos en conflito cos que os excluiron (e que non teñen nome, como se verá máis adiante), trátase máis ben de que estes actores sociais están metidos en certa procura “da construcción do significado”. As súas organizacións, os movementos sociais, non son movementos definidos polo conflito cos que os privaron

²⁹ Véxase tamén Castells (1998: 356, n. 1), que remata con esta extraña consideración: “¿Se non hai nada novo baixo o sol, por qué preocuparse por investigar, pensar, escribir e ler sobre a cuestión?” Poderíanse dar unhas cantas razóns.

³⁰ Nun artigo posterior escrito en colaboración con Martin Carnoy (e, por estar escrito en colaboración, a atribución non se pode logo ter por certa), continúa a confusión: por unha banda, o artigo contén moitas formulacións da caste de: “a globalización e mailas técnicas da información están a transforma-lo traballo” (Carnoy e Castells, 2001: 7). , “A globalización pon límites á soberanía do estado... redefina as fronteiras sociais do estado.” A globalización, logo, é un actor. O uso da voz pasiva é recorrente: “os valores e normas andan no proceso de se globalizar” (p. 9), “os traballadores están agora a ser exitosamente desagregados da identidade de clase” (p. 8), e cousas parecidas. A cuestión fundamental é que “o lugar da relación entre poder e coñecemento deixou de estar baixo o control do estado nacional” (p. 11) (¿Fíxoo pola súa conta?). O caso é que nunca se di onde está agora o control. Na “cadea de decisións” na “nova forma do estado” as corporacións non aparecen nunca (p. 14). Por outra banda, o artigo tamén di que “sen a intervención decisiva do estado, a globalización non podería acontecer” (p. 5) que “o G-7... toma decisións cruciais para xestionar-la economía global” (p. 13) e finalmente que “perante as clases dominantes (quere dicir, o colectivo capitalista), a dominación está garantida pola xestión e espallamento da globalización” (p. 15). A linguaxe dominante é a da globalización en calidade de actor de seu, das evolucións independentes da técnica a determinar cambios básicos na estrutura social; nembargante, tamén se percibe aquí o eco da aproximación anterior, debedora da economía política.

³¹ As delcaracións lapidarias verbo do que non é son sempre perigosas nos textos de Castells porque, de feito, nun lugar ou noutro, di case de todo, quer coherente quer contradictorio con outras afirmacións. Con efecto, describíense moitos conflitos no curso da descrición que Castells fai das identidades. Nembargante, o conflito nunca se elucida a xeito de fonte de cambio por medio de exposicións ou críticas teóricas de máis extensión.

de significado (e, presumiblemente, de recursos materiais cruciais para levar unha vida decente. O termo “explotación” non aparece en ningún dos tres volumes). Son “consumidores culturais”, organizados arredor dun conxunto específico de valores...marcados por códigos específicos de auto-identificación” (1997^a: 65). Como en calquera outra parte do libro, Castells quere estar na festa e tange-lo sino.

Ó cabo, non cómpre que haxa conflito ningún; no fondo, a solución é “que tódolos axentes urbanos [sic] desenvolvan un proxecto de cidade que impregne de cultura cívica e valla para acadar consenso amplo” (Borja e Castells, 1997: 121). A condición central anterior do conflito deixou sitio á anticipación do consenso.

A identidade (os movementos sociais) convértese en fenómeno reactivo

Non está claro contra qué reaccionan as identidades, nin sequera a definición de identidade. Dáse unha definición formal: “por identidade refírome ó proceso polo que un actor ...constrúe significado partindo primeiramente dun atributo cultural determinado...para a exclusión de referencias máis amplas a outras estruturas sociais” (1996: 22). Non sabemos por qué é que unha identidade construída dese xeito non pode facer tamén referencia a outras estruturas sociais e, amais, moitos dos exemplos do volume segundo fano claramente, pomos por caso, ó movemento feminista e ó dos dereitos civís. Unhas cantas páxinas máis adiante, o fundamentalismo, claramente concebido a xeito de movemento de identidade, preséntase a maneira de reacción contra a exclusión de grandes segmentos de sociedades (1996: 25), presumiblemente con “referencia a outras estruturas”. ¿E por qué é que a identidade de clase obreira non é identidade ningunha? ¿E contra qué reaccionan as “identidades”? Nun sitio é contra “a lóxica dos aparellos e dos mercados” (1996: 23), noutras palabras, contra as circunstancias sociais; noutros lugares é contra a globalización (1998: 1, 2); noutras contra os que exclúen (1997^a: 9, sen nome ningún, tamén noutos lugares fala da “exclusión da modernidade”, 1997^a: 20); noutro lugar fálase da “crise do patriarcalismo” (1997^a: 25); e noutro lugar aínda da “impredecibilidade do descoñecido” (1997^a: 61). Dando por garantido que sen dúbida as identidades son moi diversas, ¿en qué senso se pode usa-la categoría a xeito de concepto unitario e significativo?

Con todo, no debate, as diferencias funcionais entre identidades desaparecen ó cabo; trátanse tódalas identidades a xeito de reaccións, reacción contra procesos xeralizados. Os inimigos non aparecen, os procesos operan sen operadores nin suxeitos. Aínda que haxa debate detallado e perspicaz dos movementos de resistencia no volume 2, a resistencia non é contra ninguén nin contra grupo ningún en particular:

O fundamentalismo relixioso, o nacionalismo cultural, as comunas territoriais son...reaccións defensivas. Reaccións contra as ameazas fundamentais...Reacción contra a globalización...Reaccións contra o enredo [ou, elaboración de redes] e maila flexibilidade...E reacción contra a crise da familia patriarcal...Cando o mundo vira grande de máis para ser controlado...Cando as redes disolven tempo e lugar...cando o apoio patriarcal da personalidade racha...[a xente reacciona] (1997^a: 65).

A reacción non é da xente contra outra xente que lles estea a facer cousas, senón contra un proceso sen rostro. Ben é certo, decote a xente non ve quen fai qué a quen, e as descrições de Castells dan decote exemplos gráficos e incisivos. ¿Daquela, non é precisamente a obriga da análise aclarar quen está implicado e en qué se está implicado, e as fomulacóns como as que citamos non ocultan de feito o que está a acontecer, desarmando logo á resistencia cara a que máis se apunta? No presenta-los movementos de identidade por fronte dun proceso sen cara e sen actores, os propios movementos viran igualmente “moles”; non se definen polos propios intereses, polas propias capacidades, polas propias maneiras de entende-lo mundo, senón só por eses “procesos” ós que se opoñen.

De feito, Castells tamén inclúe debates moito máis analíticos e políticos verbo das identidades, distinguindo entre identidades lexitimadoras, que son as que introducen as institucións dominantes que reforzan a dominación, as identidades de resistencia, que son as que procuran redefinir posicións na sociedade e tamén a transformación da estrutura social en conxunto (1997^a: 8ff., 355ff.). É unha categorización útil, que retrotrae ós debates dos anos sesenta verbo da natureza dos movementos sociais e das correspondentes funcións quer radicais, quer mantedoras do sistema. Mais non é, logo, instrumento adecuadamente usado nun debate no que se dá tratamento máis ou menos igual ó fundamentalismo relixioso, ós Zapatistas, ó Movemento Patriótico dos Estados Unidos de América, ó Aum Shinrikyo, ó movemento de conservación do medio ambiente, ó movemento das mulleres, e ós movementos de liberación gai e lesbica, tratamento semellante so a denominación uniforme de movementos de “identidade”.

¿Hai, de feito, algunhas “identidades de proxecto”? Friedman (2000) indica que a categoría de “identidade de proxecto” na que Castells coloca ós movementos que “procuran a transformación da estrutura social en conxunto” (1997^a: 8) está baleira. Castells é un tanto ambiguo no que atinxe á cuestión; en certo momento, suxire que as identidades de proxecto poden verse implicadas en esforzos por liberar ás mulleres “por medio da realización da identidade das mulleres” ou en movementos “so a guía da lei de Deus, sexa este Alá ou Xesús” (1997^a: 10). Noutro momento di que das comunas culturais “poden xurdir...suxeitos novos, que constrúan logo significados novos arredor da identidade de proxecto” (1997^a: 66, *itálicas no orixinal*). E no capítulo final do volume titulado “O poder da identidade” fala sinxelamente de “identidades de proxecto que poden xurdir destes espazos [de resistencia]” (1997^a: 359).³² A identidade, os movementos sociais constituídos arredor da identidade, non son logo na actualidade axentes de acción política; a identidade non é moi poderosa, segundo Castells, malia o título do libro.

A independencia dos fenómenos clave

O devandito é parte do cadro. En varios sitios e momentos, Castells suxire as conexións entre os diferentes fenómenos que mete xuntos so as grandes expresións omnicomprensivas que aparecen moi decote: “era da información”, “sociedade rede” ou “era global”. Se ben é certo que tales fenómenos se expoñen e debaten en tres volumes,

³² Pode un procurar en van a exposición crítica das condicións nas que se pode realizar tal potencial, segundo me indicou Margit Mayer.

Castells xúntaos nun artigo sintético: “A revolución da técnica informativa...A restructuración do capitalismo...os movementos sociais culturais.” É explícito verbo da conexión: “A sociedade rede...é o resultado da converxencia histórica deses tres procesos independentes, dos que as interaccións deron lugar á sociedade rede” (Castells 1997b: 7, negriña no orixinal). A linguaxe é esbaradiza. ¿Son independentes se interactúan? En qué medida esas interaccións determinan a correspondente natureza e dirección de cada un deles? ¿É a “converxencia histórica” só un accidente? A exposición crítica detallada de cada un deles suxire que si son forzas independentes, con cadansúa forma. O desenvolvemento técnico, aparentemente independente, móvese seguindo leis propias, fóra do control político, e os movementos sociais non se presentan a xeito de esforzos por controlar, redirixir ou prever e restructura-lo capitalismo. Queda fóra da vista que un conxunto coherente de actores está implicado en cada un deses tres fenómenos. Non se asume a evidencia de que a “restructuración capitalista” deu forma á dirección, extensión e natureza do cambio técnico, entrando en conflito cos movementos sociais e culturais, exacerbándoos e salientándoos.

“A despolitización do espazo” (1997^a: 359)

É este un aspecto un tanto inesperado da presentación de Castells. Castells fixo unha achega de relevancia ó debate contemporáneo verbo do espazo na súa evocación da dualidade do espazo de lugares e o espazo de fluxos (1996: cap. 6); os termos viraron vocabulario aceptado dos estudos sociais. A noción de espazo de lugares refírese ó espazo ó que algunhas persoas están ligadas: quizais os traballadores non cualificados, os que non teñen recursos nin status legal para a mobilidade, aqueles para os que un emprazamento ou localización, cidade ou territorio, é parte fundamental da súa identidade, os que están ligados a un espazo/lugar particular. En contraste, o espazo de fluxos, úsano os que teñen mobilidade sen restricións e é o espazo en que se move o capital, no que se fan as transaccións financeiras de alto nivel, no que se toman decisións e se exerce o control, o espazo que ocupan as redes dominantes da sociedade rede avanzada. Aquí hai unha cuestión de verdadeiro interese: os mundos dos que están ligados ós lugares e os dos que teñen mobilidade sen restricións, tanto nas vidas persoais coma nas transaccións, son dous mundos diferentes; con todo, como indicou Michael Peter Smith³³, concebir eses dous tipos de espazos a xeito de oposición binaria dificilmente reflicte a natureza complexa e a tendencia que teñen a se sobrepor un ó outro: os usuarios do “espazo de fluxos”, tamén están ligados a un lugar en moitos aspectos das súas actividades, e moitos moradores do “espazo de lugares” percorren grandes traxectos a través das fronteiras, con patróns ou modelos que son cada vez con máis frecuencia transnacionais.

¿Resulta útil converti-las diferencias destes dous mundos nunha diferenza que se orixina e está caracterizada polo correspondente uso do espazo, mais do que considera-las diferencias no uso do espazo a xeito de resultado das diferencias de riqueza, poder ou recursos? ¿É o espazo de fluxos dalgunha maneira verdadeiramente significativa un

³³ Michael Peter Smith (2002). Cf. Michael Peter Smith, “Power in Place: Rethorizing the Local and the Global” en J. Eade e Ch. Merle, *Understanding the City. Contemporary and Future Perspectives*. Oxford, Blackwell, 2002.

espazo, ou non é en verdade ningunha caste de liberdade das restricións espaciais? ¿O espazo de lugares non está feito tamén de fluxos, igual cás localidades?.³⁴ O que require análise, para a avaliación política, é a medida en que aqueles que usan o “espazo de fluxos”, os grupos dominantes na sociedade global, son ou non libres de vínculos localizadores.³⁵ A diferenza entre os ocupantes do espazo de lugares e os usuarios do espazo de fluxos é diferenza de clase, reflectida na correspondente relación co espazo, reforzada mais non creada por el.³⁶ Examina-las diferenzas no uso do espazo sen examina-las diferenzas de clase, poder e riqueza que producen as tales diferenzas espaciais é esgaza-la análise propia das ciencias sociais da súa relevancia política. Despolitización.³⁷

Peor aínda, o propio espazo vira actor, desprazando afirmativamente as verdadeiras persoas e os verdadeiros intereses: “A función e o poder...organízanse no espazo de fluxos...a dominación estrutural da súa lóxica...altera o significado e maila dinámica dos lugares...unha esquizofrenia estrutural entre dúas lóxicas espaciais...ameaza con botar a abaixo as canles de comunicación... un horizonte dun espazo enredado [ou, constituído en rede] e ahistórico de fluxos, procurando e impondo a súa lóxica a lugares espaxados e segmentados...De non ser que se constrúan deliberadamente pontes físicas e culturais entre estas dúas formas de espazo, pode ser que nos dirixamos cara a vida en universos paralelos dos que os tempos non se van atopar” (1996: 428, itálicas no orixinal). A lóxica do espazo vira a causa, non a consecuencia, do cambio social. Como é que se constrúe unha ponte “física” nun espazo de fluxos? É unha conceptualización interesante, que Castells non leva a efecto; quizais sexa só un uso errático das palabras. Sexa como for, a visión desprazouse do que podería ser efectiva e politicamente significativo a un xogo de metáforas,³⁸ na que o que cómpre tratar é a “lóxica do espazo”, non as relacións entre a xente que usa o espazo. Pouco pode axudar a captar algo das relacións industriais na era global que nos digan que “a propia noción de localización industrial [transformouse e] pasou de se-la propia dos lugares das fábricas ós fluxos de manufacturas [por mor da] lóxica da manufactura da técnica da información [e] a nova lóxica espacial” (1996: 393).³⁹

³⁴ Michael Peter Smith, referíndose ás críticas e estudos de Doreen Massey, fai esa indicación elocuentemente en Smith (2001: cap. 5).

³⁵ Esta é unha cuestión clave á que Saskia Sassen dedicou boa parte das súas investigacións recentes. A cuestión relaciónase coas necesidades de base espacial para as actividades globais: en qué verdadeira medida os “fluxos” todos teñen que ir parar a algún lugar, e en qué medida o procesamento de tales fluxos ten que se facer en emprazamentos moi específicos e con requisitos físicos moi específicos.

³⁶ Abofé que a elite ocupa (vive, vai alí de vacacións, disfruta) os espazos de lugares tamén, e abofé que algúns movementos de oposición, mesmo algúns dos excluídos, usan o espazo de fluxos, pomos por caso internet, para comunicar, construír solidariedade, organiza-la resistencia (o Foro Social Mundial de Porto Alegre, en xaneiro do ano 2001, non se daría feito sen internet). Non cambia iso a relación entre a elite e mailos excluídos, nin a súa posición dominante na dualidade fluxos/espazos. A correspondente constitución precede o uso de lugares e fluxos, non depende deles.

³⁷ Máis adiante, Castells chega máis lonxe e deixa caer certa vinculación potencial que o espazo de fluxos podería ter coas relacións de poder: “o espazo de fluxos, que comezou a xeito de espazo de poder das funcións dominantes, está a extender ese reino a toda a diversidade da actividade humana” (conferencia no congreso sobre “As fronteiras da mente no século vine e un”, Biblioteca do Parlamento dos Estados Unidos de América, dezasete de xuño de 1999). A precisión é importante mais ben logo convértese en apolítica. A aínda máis adiante, na mesma conferencia, reaparece na dualidade local/global: “A cultura das cidades na Era da información xunta a identidade local e mailas redes globais para restaura-la interacción entre poder e experiencia.”

³⁸ Amais, Castells decota parte do poder da súa propia metáfora cando fala dos “tres niveis de soportes materiais que, xuntos, constitúen o espazo de fluxos” (1996: 412, itálicas engadidas). Son os seguintes: impulsos electrónicos, nodos e eixos, secomasí os espazos segregados da élite. Todos tres poderían analizarse máis plausiblemente a xeito de aspectos baseados no espazo (ou límites) do espazo de fluxos. Tanto a imprecisión da linguaxe coma a falta de concreción de ideas son o resultado de declaracións coma a seguinte: “Belleville [barrio obreiro de París] é...un lugar, mentres que eu temo parecerme máis a un fluxo” (1996: 423). Castells pode considerar a súa agradable persoalidade corporal a xeito de fluxo, pero os financeiros, xestores e políticos que dominan as tomas de decisións no mundo real non se describen adecuadamente dicindo que son sinxelamente “fluxos”. Por veces é difícil separa-los problemas da fácil, decote imaxinativa e brillante escritura dos problemas do contido que se dan nos tres volumes.

³⁹ O parágrafo todo di: “E como a lóxica manufactura da técnica da información desce dos produtores de aparellos de técnica da información ós usuarios de tales aparellos en todo o reino da manufactura, entón a nova lóxica espacial expándese, creando unha multiplicidade de redes industriais globais das que as interseccións e exclusións transforman a propia noción de localización industrial de lugares de fábricas a fluxos de manufactura.”

Xogar co tempo

Igual ca no tratamento do espazo, Castells dáse tamén a un uso provocador e cheo de intuición, mais despolitizado: falla á hora de leva-la verdadeira intuición á conclusión lóxica. Indica, e ilustra, as diferencias relativas á “vinculación temporal” de diferentes actores e actividades. En certa medida, a diferenza é comparable á coñecida distinción dos economistas marxistas e clásicos no tocante ós que reciben soldos por horas e os que reciben bases salariais a longo termo, ou tiran beneficios sen atender ó tempo gasto, distinción que alimenta logo as definicións de clase e as relacións de clase. Castells afonda esa distinción: non é só entre aqueles que reciben pagamentos por horas e aqueloutros pagos doutro xeito, senón entre aqueles para os que o propio tempo é un factor importante á hora de determinar como é que levan as vidas e aqueloutros que actúan con independencia do tempo, que viven nun “tempo sen tempo” (1996: cap. 7). O tempo é logo unha constricción que afecta moito máis a uns do que a outros; “significa” cousas diferentes para xente diferente. Vale. ¿E para as clases diferentes? Non, a análise non leva ese camiño; xoga máis ben coa expresión atractiva de “tempo sen tempo” a xeito de característica de certo tipo de persoa e actividade, da xente da “jet-set”, dos comunicadores intantáneos e os manipuladores instantáneos do capital, e do instantáneo e constante exercicio de control (independente do tempo). A verdade é que algúns controlan o tempo doutros, mais son libres de determina-lo tempo propio, mentres que o tempo doutros resulta controlado contra a súa vontade. Do mesmo xeito que co “espazo de fluxos”, a metáfora reflicte unha verdade pero a énfase na metáfora oculta precisamente a verdadeira distinción de clase que, de feito, só reflicte.⁴⁰ “As funcións e individuos selectos” non “transcenden o tempo” (1996: 467); sinxelamente, teñen o poder de controla-lo uso do seu tempo, e o dos outros.

A autonomía do estado

É esta unha cuestión complexa. A tradición política e intelectual da que vén Castells tiña unha preocupación crucial pola función do estado. A formulación clásica de Marx no tocante a que o estado é o “comité executivo da clase dominante” non se ten por trabucada, mais si por incompleta. Por mor de explica-las evolucións contemporáneas, o íntimo amigo de Castells Nicos Poulantzas levou a efecto unha complexa análise da cuestión que está no cerne do fermento no que primeiro traballou Castells. Con todo, Castells abre o capítulo que lle dedica ó estado cun rexeitamento da descrición de

⁴⁰ De feito, Castells vicia directamente, de paso, o contido político substantivo da súa análise cando aplica a súa concepción a “dous grupos: profesionais de alto nivel e traballadores de servizos non cualificados” (1996: 441). Á vez que reconece que ambos a dous grupos traballan máis horas por diferentes razóns, metelos no mesmo lote podería ser enganoso para unha análise que se centra en quén controla o seu propio tempo e o dos outros, e en qué casos o tempo dun é controlado por outros.

Poulantzas dicindo que xa non se pode aplicar (1997^a: 242).⁴¹ É pouco o que sobrevive do debate anterior, a non ser un eco. Sexa como for, o estado convírtese en actor: “o esforzo do estado por restaura-la lexitimidade,” “o intento do estado por reafirma-lo seu poder” (1997^a: 243). E hai declaracións tallantes coma a de que “a nación-estado... parece estar a perde-lo seu poder, aínda que, e iso é o esencial, non a súa influencia” (1997^a: 243). Ou, como di noutro sitio: “O estado non desaparece. Transfórmase el propio. Tal transformación vén inducida non só pola globalización, senón por cambios estruturais nos procesos de traballo, e nas relacións entre coñecemento e poder” (Carnoy e Castells 2001: 6). Hai presións exteriores, mais o propio estado funciona para se transformar.

¿Que é o que isto significa? Castells nunca torna á formulación, mais ó remate do capítulo di que “nos anos noventa, as nacións-estado víronse transformadas de suxeitos soberanos en actores estratéxicos” (1997^a: 307). É unha discusión enrevesada. Unha interpretación posible podería ser a de que a nación-estado segue a ser importante na evolución da técnica e no apoio ás “correspondetes” multinacionais. Amais, Castells enfatiza eses dous aspectos en distintos contextos ó longo dos tres volumes. Sen embargo, ¿por qué é que iso non é unha fonte continua de poder? A “nación-estado” úsase a maneira de sinónimo do “estado” na era global, mais a distinción entre nación e estado nunca se explora nesa análise; a capacidade da “nación-estado” “é decisivamente minada pola globalización” mais non por ningunha acción específica de actor específico ningún, nin sequera á vista de que as multinacionais poden actuar libremente desatendendo as fronteiras nacionais. A nación-estado ten “certo compromiso por fornecer beneficios sociais” (1997^a: 254), aínda que non estea claro por qué é que ten que haber ese compromiso. Dase certa “desestabilización dos estados nacionais” por causa da globalización do crime (1997^a: 259) e certa “crise de lexitimidade” que é igualmente aplicable ós Estados Unidos de México e ós Estados Unidos de América, aínda que ambos a dous países parecen considerablemente estables en case tódolos aspectos. Tal caste de interpretación sinxelamente evita a cuestión de qué é o estado. Deixar caer cousas da caste de “os estados son expresión das sociedades, non das economías” (1996: 102) non axuda a nada. Amais, Castells describe as actividades do Estado como se este fose un actor independente e autónomo (1997^a: 261)⁴² –precisamente é esa a concepción que tan sistemáticamente se cuestionou na socioloxía crítica durante o derradeiro século e mesmo xa antes. Amais, de paso, fai o comentario de que “cada nación-estado segue a actuar á vista dos seus propios intereses ou dos intereses dos constituíntes ós que lles dá mais valor” (1997^a: 266). Este último comentario ben podería se-lo principio dun debate sobre onde é que reside verdadeiramente o poder que se exerce nos e sobre os estados, debate que levaría ás cuestións políticas que tan pouco se tratan nos tres libros ós que me estou a referir. Mais non é este comentario que se procure na obra. O caso é que propia formulación induce a erro: a cuestión concíbese como se fose a de a quen dá valor: “o estado” autónomamente ou o estado en calidade de actor; os que o constitúen son beneficiarios pasivos, en troques de tratar qué constituíntes (ou “electores”) activos controlan e fan

⁴¹ Nun artigo posterior, Castells mantén con argumentos detallados que “nos vinte anos que van dende a morte temperá de Poulantzas cambiaron moitas cousas” (Carnoy e Castells 2001).

⁴² Noutro lugar, Castells di que “as nacións-estados transformáronse, pasando de ser suxeitos soberanos a actores estratéxicos” (1997^a: 307). É difícil ter por incuestionable que os estados foran sempre “suxeitos soberanos”; a cantidade de obras que indican o contrario é enorme.

presión sobre o estado. É salientable o pouco que o debate verbo de se o estado está a perde-lo control dá para especificar quen está a gañar control.⁴³

Remateremos logo co que parece un comentario do máis ambiguo no mundo de despois de Seattle: “os expertos do Fondo Monetario Internacional non actúan guiados polos gobernos...senón en calidade de cirurxiáns de propio dereito que destramente extraen os restos dos controles políticos que aínda se exercían sobre as forzas do mercado” (1997^a: 269). Abofé que o Fondo Monetario Internacional e as corporacións internacionais relacionadas con el están fundamente preocupados coa regulación, por medio do uso do poder político dos gobernos e das transaccións internacionais, e son críticamente dependentes dos gobernos para tódalas súas actividades (nomeadamente do máis poderoso dos gobernos do mundo, que é unha superpotencia). Ó facer iso, difícilmente actúan en calidade de expertos independentes ou a xeito de cirurxiáns, senón que serven directamente intereses moi específicos e identificables. As súas accións son o suxeito de acalorados debates políticos en países de todo o mundo. Con todo, nos libros de Castells evítase, dunha ou doutra maneira, todo debate verbo destas políticas.

Conclusión: as sutilezas da lingua

O parágrafo final, ó remate dos tres volumes de debate mesto, ilustra exactamente o fallo definitivo da análise á hora de servir de axuda para remedia-las dificultades que se documentan. Paga a pena examina-la linguaxe en detalle. Comeza polo que parecen se-las maneiras dun activista: “non hai nada que non poida cambiarse por medio da acción social consciente e con propósito, dotada de información e apoiada pola lexitimidade.”

“Dotada de información” pode ser, mais non ten que ser, unha frase ambigua: a oposición das organizacións de base a distintos actos gubernamentais ou corporativos cualifícase decote de “mal informada”, dise deles que “con que só deran entendido” mellor sería; nembargante, o certo é que canto mellor informadas estean as forzas do cambio, mellor (polo menos ata certo punto, alén do cal quizais xa non cumpra máis información). “¿Co apoio da lexitimidade”? É un termo ambiguo: ¿Lexitimidade á vista de quen? En todo acontecemento, tendemos a ler para saber de quen se evoca a acción.

Se a xente está informada, activa e comunicada por todo o mundo adiante; se os negocios asumen a súa responsabilidade social, se os medios se convirten en mensaxeiros, máis do que na mensaxe; se os actores políticos reaccionan contra o cinismo, e restauran a crenza na democracia; se a cultura se reconstrúe dende a experiencia; se a humanidade sente a solidariedade das especies por todo o planeta adiante; se afirmamo-la solidariedade interxeracional vivindo en harmonía coa natureza; se nos afastamos da explotación do noso eu interior, facendo a paz con nós propios. Se

⁴³ Véxase, por exemplo, Carnoy e Castells (2001: 11): “A formación de coñecemento e o poder sobre o coñecemento na economía global está a fuxir do control da nación estado...a nación estado tamén está a perder control sobre o sistema educativo.” Noutros lugares, os autores abordan a cuestión dun xeito un tanto diferente: “O estado rede foi resultado dos logros de loitas sociais” (p. 15), e o “capitalista colectivo” reaparece, só para ser definido a xeito de “representado polo mercados financeiros globais” (p. 16). Hai certa tensión entre conceptos que está a pedir exploración.

todo isto se fai posible por medio da nosa decisión informada, consciente e compartida, mentres aínda estamos tempo, quizais poderemos, ó cabo, vivir e deixar vivir, amar e ser amados.

¡Moi ben! Abofé que non se pode dicir nada contra os sentimentos e, por todas partes, Castells non deixa lugar á dúbida no tocante ó lado no que está, nin verbo do fundamento dos seus valores (aínda que tamén inxire unha curiosa digresión sobre a neutralidade das ciencias sociais; da que imos falar máis adiante). Mais, ¿Que é o que se pide aquí? ¿Quén son os axentes do cambio que se pode facer? “A xente”, “os negocios”, “os medios”, “os actores políticos”, alguén (úsase a voz pasiva) posto a reconstruí-la cultura, “a humanidade” e “nós”. É unha revoldaina de categorías, algunhas tan xerais que son inútiles (“a xente”, “a humanidade”), algunhas de feito reponsables dos moitos problemas que necesitan cambiar ou solucionarse (“os negocios”, “os medios”), e algúñas baleiras de todo referente específico, “nós”.

Con Castells, é a linguaxe da presentación, e por veces máis ca iso, a substancia, o que se despolitiza. A carencia de referentes específicos para formulacións clave é de feito un indicador importante do grao ó que chega a despolitización, do desprazamento de agrupacións específicas e actores, de axentes que son en realidade os que xogan e contan no mundo globalizado, en favor de termos xeralizados da caste de “nós”. ¿Quén somos “nós” que non “facemo-la paz con nós mesmos”? (Cómpre máis dunha parte, ou partido, para face-la paz. ¿Quén son as partes?). Castells cita, con aparente aprobación, a declaración de Petra Kelly “Debemos aprender a pensar e a actuar segundo os nosos corazóns” (1997^a: 127) no contexto dun debate verbo da “creación dunha identidade nova, unha identidade biolóxica, unha cultura da especie humana” (1997^a: 126, itálicas no orixinal). Amais, en certo lugar, dise que “nós” temos todos os mesmos intereses na continuación da especie, mais tal argumento difícilmente ten trazas de persuadir a ninguén nun mundo desapracible e políticamente dividido para que faga as paces, nin axuda a defini-los termos útiles para tal paz. Quizais a implicación é que se os responsables de todas esas condicións que tan elocuentemente se presentan como necesitadas de cambio cren, aínda que só sexa, na “identidade biolóxica”, ha solventarse todo. Se esa é a implicación, é profundamente discapacitadora. Non significa que sexa necesario o conflito político, nin a resolución de choques de intereses, nin capacitación ou discapacitación, senón que se fai foco na persuasión dos que están no poder. Tal punto de vista, que é de feito o de moitas partes do movemento de conservación do medio ambiente e de moitas fes relixiosas, pode ser un tanto válido, mais require algunha proba e argumento substancial; Castells non aporta tales apoios en ningures.

Prescripción: Que é o que cómpre facer?⁴⁴

⁴⁴ O estilo, ou “linguaxe”, fai que pague a pena citar in extenso: “A aproximación ecolóxica á vida, á economía, e ás institucións da sociedade enfatiza o carácter holístico de tódalas formas da materia, e de todo procesamento de información. Entón, canto máis sabemos, mais apreciamos-las posibilidades da nosa técnica, e canto máis nos decatamos da xigantesca e perigosa fenda entre a as nosas capacidades de produción incrementadas e a nosa primitiva, inconsciente e ó cabo destructiva organización social. Esta é a característica obxectiva que airea a crecente conectividade entre revoltas sociais, o local e o global, o defensivo e mailo ofensivo, a orientación ás cousas e a orientación ós valores, que xorden dentro e arredor do movemento de defensa ambiental. Non quere isto dicir que agromase unha nova internacional de cidadáns bos e xenerosos. Aínda. Segundo se amosou neste volume, hai fendas novas e vellas de clase, xénero, etnicidade, relixión e territorialidade que están a funcionar na división e subdivisión de cuestións, conflitos e proxectos. Sen embargo, o que quere dicir é que as conexións embrionarias entre os movementos de base e mailas mobilizacións de orientación simbólica por mor da xustiza ambiental levan a marca de proxectos alternativos. Tales proxectos suxiren o remprazo dos esgotados movementos sociais da sociedade industrial; en resumo, baixo formas históricas apropiadas, a dialéctica vella entre dominación e resistencia, entre realpolitik e utopía, entre cinismo e esperanza.” O punto de inflexión do cambio parece ser aquí “canto máis sabemos”; o propio coñecemento ha producir cambio e, presumiblemente, vai superar “as fendas

O refugamento de todo verdadeiro debate do potencial ou posibles camiños cara ó cambio é deliberado. Castells titula a penúltima sección do derradeiro capítulo “¿Qué facer?” Eco obvio de Lenin, mais cun resultado moi diferente. Comeza así: “Cada vez que un intelectual tentou responder a esta cuestión, e tentou instrumentar seriamente a resposta, seguiu unha catástrofe.”

A declaración é reminiscente do argumento clásico de Karl Popper verbo de que son as grandes ideas e mailas teorías holísticas, non o gusto do poder nin do lucro, non o imperialismo nin o desemprego, nin o nacionalismo ou o fanatismo, o que causa a violencia de masas no mundo.⁴⁵ ¿O que implica a frase de Castells é que non hai nada que facer? Castells non quere dicir iso. Entende que “a acción social e mailos proxectos políticos son esenciais para a mellora dunha sociedade que necesita claramente o cambio” (1998: 379). “Neste senso...ó facer algunhas preguntas e dar elementos empíricos e teóricos para as tratar...non estou a ser, e abofé que non quero ser, observador neutral e apartado do drama humano” (1998: 379).

É entón cando fai obxección explícita ó “tentar enmarca-la práctica política segundo a teoría social”(¿Qué é, logo o que significa o “se a xente está informada” da cita longa?). Veñen logo as declaracións abraiantes:

A teoría e maila investigación...deberían considerarse a xeito de medios para comprende-lo noso mundo, e deberían xulgarse exclusivamente atendendo ó coidado, rigor e relevancia [sic]. Cómo é que se usan estes instrumentos e para qué fin, debería ser prerrogativa exclusiva dos propios actores sociais.

Hai logo un rexeitamento explícito da chamada de Marx ós filósofos para que pasasen de tentar interpreta-lo mundo a tratar de cambialo, que se sinte ecoar nestas palabras: “no século vinte e un, [di Castells], é hora de interpretalo de xeito diferente” (1998: 379).

Sexa como for, este esforzo de ser apolítico distorsiona o que de feito é político no esforzo de acadar “coidado e rigor”; o bucle que Castells se concede ó engadi-la palabra relevancia, que se pode entender a xeito de “acción relevante para o cambio”, de feito non se usa. Quizais Castells non quere tirar conclusións para a práctica política da súa propia análise, mais tales conclusións están implícitas nel. A análise evita as relacións sociais e reificaas. O impacto, queirao ou non queira o autor, é político: despolitizar.

Esa é, no meu ver, a principal debilidade da análise de Castells, o fundamento intelectual para o seu –e non só del- afastamento da posición política de momentos anteriores. Os problemas de inxustiza, carencia de democracia, dominación e explotación, polos que Castells andaba e aínda anda preocupado, permanencen. Non quero eu dar a entender que os valores do autor cambiaran nin que ande agora menos preocupado do que estivo polas cuestións de xustiza social. “A sociedade...necesita claramente cambiar.” Sen embargo, os “actores sociais” que son os únicos que teñen a “prerrogativa” de levar a efecto tal cambio desapareceron. Morreu o proletariado.⁴⁶ Os

novas e velllas de clase, xénero e etnicidade.” Con todo, tamén conducirá a continuación da “dialéctica vella entre dominación e resistencia.” ¿Esfuerzo por estar na festa e tanguelo sino? Advirtase o “nós”.

⁴⁵ Véxase a refutación detallada en Herbert Marcuse (1972).

⁴⁶ Hai unha pasaxe curiosa na que Castells di que fala segundo a tradición marxista e divide os “produtores” (que significa presumiblemente traballadores) en “xeradores de coñecemento e procesadores de información”, que son valiosos e, por outra banda, o traballo xenérico, que non o é. Os traballadores xenéricos necesitan os produtores de coñecemento, mais non ó revés, e entón a

movimentos sociais que poderían se-los seus sucesores en calidade de axentes de cambio tamén nos deixaron. Os “movimentos de identidade” que os remprazaron están fragmentados, ou son de impacto ambiguo, incapaces (aínda?) de producir verdadeiro cambio. “A disxunción entre... dúas lóxicas espaciais... cambia a cerna dos procesos económicos, simbólicos e políticos e lévanos fora do reino onde ...podía exercerse o control político” (1997^a: 124). Non hai que lle facer.⁴⁷

Ó cabo, a mensaxe resulta tanto analiticamente despolitizada coma politicamente inhibidora ou descapacitadora. A análise de Castells, que xogou un papel tan importante na produción de ventos novos nos estudos urbanos, pasou, deixounos só os ecos a soar en círculos provocadores mais finalmente frustrantes.

“solidariedade de clase” disólvese gradualmente. Porén, “en certo senso, na comparanza co capitalismo clásico, vemos que nada cambiou...os empregadores... aprópiáanse dunha parte do traballo dos produtores de información” (cambiose eiquí lixeiramente a orde das palabras. Porén, di: “difícilmente podemos considerar que sexa esta unha contradicción de clase entre as redes de produtores altamente individualizados e o capitalista colectivo das redes financeiras globais” (1998: 365). A razón non está alá moi clara.

⁴⁷ Seguro que hai razóns fundadas para o pesimismo, e tanto a análise coma a política teñen que se fundamentar na realidade, mesmo se a realidade é desoladora. Sexa como for, a análise, polo menos, debe aclarar quen é que está a facer qué a quen nesa realidade, e cales son as liñas de conflito. Compárese o tratamento de moitos dos mesmos temas en Harvey (2000), nomeadamente nos capítulos terceiro e cuarto, que tratan do “movemento utópico” e da “pluralidade de alternativas”.